

CURSO 2006-2007

CONVOCATORIA DE MATRÍCULA

En cumprimento do establecido nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, esta Reitoría, resolve publica-la convocatoria de matrícula nos estudos universitarios de primeiro e segundo ciclo, posgrados oficiais (máster) e titulacións propias para o curso académico 2006-2007, conforme ás seguintes normas:

1.- CLASES DE MATRÍCULA:

1.1.- Ordinaria:

Dirixida aos alumnos que cursan estudos conducentes á obtención de títulos oficiais ou propios.

1.2.- Extraordinaria:

Poderase formalizar esta matrícula independentemente da titulación que se posúa e suxeita a autorización previa. Esta matrícula non dará dereito a obtención de ningún título oficial nin propio e axustarase ao procedemento establecido pola USC.

1.3.- Visitantes:

Poderán formalizar matrícula como alumnos visitantes, de conformidade coa normativa específica, os alumnos doutras universidades nacionais ou estranxeiras non acollidos a programas de intercambio.

1.4.- Programas de intercambio:

Poderán formalizar esta matrícula os alumnos doutras universidades tanto nacionais como estranxeiras. de conformidade co establecido nos respectivos convenios e nas restantes normas e convocatorias da USC.

2.- REQUISITOS DE MATRÍCULA:

2.1.- Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo:

2.1.1.- Inicio de estudos:

Poderán formalizar matrícula os alumnos que estean habilitados por ter superadas as probas de aptitude para o acceso á universidade ou posuír algún dos títulos ou probas recollidos no ANEXO III, sempre que teñan sido admitidos, de ser o caso.

Deberán formalizar matrícula, como mínimo, en sesenta créditos entre as materias troncais, obrigatorias e optativas das que orientativamente estean adscritas ao primeiro curso de cada titulación, ou do número de créditos que o plan de estudos establece para o primeiro curso como carga lectiva se é menor de sesenta. Para este cómputo non se terán en conta os créditos de libre elección no caso de que lle sexan recoñecidos.

Esta obriga non é de aplicación nos seguintes casos:

- Alumnos que accedan aos segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso.
- No caso das titulacións propias de segundo ciclo non será de aplicación esta alínea, agás resolución expresa ao respecto. Os alumnos deberán matricularse no primeiro curso do segundo ciclo do número de créditos que se estableza como carga lectiva para este curso.
- Alumnos aos que lles fora recoñecida adaptación ou validación.

Inicio en segundo ciclo: No anexo VI establécense as titulacións de segundo ciclo oficiais, os segundos ciclos de titulacións de 1º e 2º ciclo, ademais das titulacións propias de Graduado Superior nas que se pode iniciar estudos. No devandito anexo detállanse titulacións, prazas e complementos de formación necesarios en cada caso. Para as titulacións de Graduado Superior indícanse ademais, as titulacións que dan acceso

2.1.1.1.- Materias de nivelación (materias ponte).- Os alumnos que inicien estudos naquelas titulacións nas que se impartan materias de nivelación, poderán inscribirse dun máximo de dúas materias de nivelación entre as ofertadas para a súa titulación. O prazo de inscrición nas devanditas materias coincidirá co prazo xeral de matrícula e a inscrición poderá formalizarse conxuntamente con esta.

A inscrición non reportará prezos públicos, agás aos que correspondan ao seguro de subscripción obrigatoria, nin se reflectirá no expediente académico dos alumnos mentres non se realice o seu recoñecemento conforme o establecido no parágrafo 2.1.6.1.

2.1.2.- Continuación de estudos:

Poderán formalizar matrícula aqueles alumnos que pretenden continuar os estudos na mesma titulación oficial na que estiveran matriculados no curso ou cursos anteriores tanto na USC como noutra universidade.

Os alumnos que desexen continuar estudos, xa sexa en plans de estudos estruturados en créditos ou non, poderán formalizar a matrícula en calquera materia do plan de estudos, de acordo coa ordenación temporal que este estableza, sempre que non incorran nalgún dos supostos de impedimento de matrícula establecidos nas normas de xestión académica da USC.

2.1.2.1.- Alumnos procedentes doutras universidades españolas.- Os alumnos procedentes doutra universidade deberán ser admitidos para continuar estudos na USC, previa solicitude e comprobación dos requisitos segundo o establecido nas normas de xestión académica da USC.

As cualificacións esixibles segundo a norma 30.1.3 das Normas de Xestión Académica, para alumnos procedentes de universidades privadas ou da igrexa, inclúense no ANEXO V.

2.1.2.2.- Alumnos procedentes de universidades estranxeiras.- Os alumnos procedentes de universidades estranxeiras deberán solicitar a validación parcial de estudos e someterse aos criterios de admisión establecidos pola USC de acordo cos procedementos e requisitos establecidos nas normas de xestión académica.

2.1.2.3.- Alumnos de convenios interuniversitarios de cooperación.- Os alumnos que cursen estudos ao abeiro dun programa interuniversitario de cooperación aplicaráselle as seguintes regras, nos termos que estableza o convenio regulador

2.1.2.3.1.- *Alumnos da USC que pretendan continuar estudos noutra universidade.*

Selección: A selección dos alumnos será realizada pola universidade de Santiago de Compostela a través das comisións nomeadas a tal efecto e de acordo cos respectivos convenios.

A Oficina de Relacións Exteriores da USC comunicarlle á Unidade de Xestión Académica correspondente a relación de alumnos que foron autorizados para cursar estudos noutras universidades en virtude de convenio. Esta comunicación que pode ser escalonada estará concluída como máximo no mes de decembro anterior a celebración da primeira convocatoria de exames.

Compromiso de estudos/Acordo académico:

Terán carácter de contrato vinculante para as partes e só poderá ser modificado no prazo dun mes dende o inicio de cada cuatrimestre, logo da conformidade dos titores, unha vez que se produza a incorporación do estudante ao centro de destino. Ningún estudante deberá incorporarse á universidade de destino sen estar en posesión deste documento.

Non poderá incluír as materias cualificadas con suspenso. Destas materias poderá render exame na USC sempre que formalizara a súa matrícula dentro do prazo ordinario.

Dentro do compromiso poderá figurar un número de créditos baixo o epígrafe “créditos de libre configuración e optativas - programa de intercambio” nos que non se especifique a actividade a realizar.

Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados fora do compromiso de estudos ou acordo académico.

Matrícula:

Os alumnos formalizarán a matrícula na USC da totalidade das materias e actividades que pretenda cursar en réxime de intercambio. Igualmente formalizará matrícula na USC nas materias excluídas do compromiso de estudos/acordo académico das que pretenda render exame na USC. Reportará os prezos públicos que determine o Decreto de Prezos Públicos da Xunta de Galicia así coma calquera outra norma que sexa aplicable.

2.1.2.3.2.- *Alumnos doutras universidades.*- Os alumnos seleccionados deberán estar en posesión da correspondente credencial que lle será facilitada pola Oficina de Relacións Exteriores da USC, así como do compromiso de estudos ou acordo académico, que non poderá incluír materias sen docencia, e do que deberá achegar copia no momento de formalizar a súa matrícula.

En todo caso a Oficina de Relacións Exteriores facilitaralle á Unidade de Xestión Académica correspondente a relación de alumnos admitidos para matricularse na USC en virtude de convenio antes do mes de decembro anterior á primeira convocatoria de exames.

Matrícula:

A matrícula axustarase ó compromiso de estudos ou acordo académico e só poderá modificarse previa autorización dos titores. En ningún caso poderá incluír materias sen docencia. Non reportará prezos públicos, salvo que o convenio determine outra cousa.

Se o alumno pretende formalizar matrícula en actividades ou materias non contempladas no compromiso de estudos ou acordo académico, no caso de ser admitidos, reportará os prezos públicos correspondentes. Estas actividades faranse constar na certificación académica que se expida a favor do alumno.

2.1.3.- Prácticas tuteladas en Farmacia.

2.1.3.1.- Os alumnos matriculados no curso 2006-2007 na Licenciatura de Farmacia poderán solicitar a realización das Prácticas Tuteladas correspondentes tanto ó primeiro período, de outubro 2006 a abril 2007 como ó segundo período, de marzo 2007 a setembro 2007.

Excepcionalmente poderán tamén solicitar a realización das prácticas os licenciados polo plan de 1973, sempre e cando existan vacantes trala adxudicación de prazas ós alumnos dos plans renovados, formalizando a súa matrícula como extraordinaria. En ningún caso a realización das prácticas dará lugar á expedición dun novo título ou a modificación do existente.

2.1.3.2.- Os alumnos dos plans de estudo 1994 e 1999 para solicitar a realización das Estadias de Farmacia ou Prácticas tuteladas deberán ter superados alomenos 300 créditos ou 285, respectivamente, do seu plan de estudos.

2.1.3.3.- Os alumnos dos plans de 1994 e 1999, elixirán farmacia en función do expediente académico, escollendo en primeiro lugar os alumnos coa puntuación máis alta.

Os licenciados do plan de estudos de 1973 elixirán a farmacia despois de que o fagan os alumnos dos plans de 1994 e 1999, seguindo os criterios académicos acordados pola Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas, en función do expediente académico, escollendo os alumnos coa puntuación máis alta.

2.1.3.4.- As datas e mailo lugar para a elección de farmacia será comunicado polo Decanato da Facultade mediante a correspondente publicación no taboleiro de anuncios, así como o listado de Oficinas de Farmacia e Farmacias de Hospital que se ofertarán para a realización das prácticas.

2.1.3.5.- A matrícula realizarase nos tres días seguintes ós da elección de farmacia.

2.1.3.6.- Liquidación de prezos públicos: Os alumnos dos planos renovados liquidarán os 15 créditos conforme o prezo que fixa para o presente curso académico 2006/2007 o Decreto da Xunta para estudos experimentais dos planos renovados.

Tódolos alumnos disfrutarán dos mesmos beneficios e exencións na matrícula das prácticas tuteladas que nas demais materias da titulación.

2.1.4.- Rotatorio en Medicina

Os alumnos que consonte o plan de estudos de 1979 de Medicina e Cirurxía reúnan os requisitos para realiza-lo curso rotatorio, deberán solicitalo entre o 15 e o 31 de xaneiro.

As solicitudes deberán presentarse na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte.

Nas solicitudes deberán reflectir por orden de preferencia os hospitais onde desexen realiza-las prácticas. Os hospitais e mailas prazas en cada un deles faranse públicos antes do inicio do prazo de solicitude.

2.1.5.- Matrícula no segundo cuatrimestre:

Poderán formalizar matrícula no segundo cuatrimestre aqueles alumnos que, trala realización dos exames do primeiro cuatrimestre, convocatoria extraordinaria ou fin de carreira, reúnan os requisitos de acceso ao segundo ciclo da súa titulación ao dunha titulación de só segundo ciclo ou a outros segundos ciclos diferentes. Poderán matricularse en materias anuais ou do segundo cuatrimestre coas seguintes limitacións:

- Se o segundo ciclo estivera sometido a límite de prazas e estas foran todas cubertas nos prazos ordinarios, non poderán formalizar matrícula.
- Se o segundo ciclo tivera límite de prazas e quedasen vacantes tralo procedemento ordinario, deberá solicitalo previamente á matrícula, que se tramitará segundo o establecido para o ingreso nos segundos ciclos nos prazos establecidos no ANEXO I.
- No caso de estudantes doutras universidades abrirose, de xeito simultáneo, un prazo de solicitudes de admisión.

Tamén poderán formalizar matrícula:

- Os alumnos que acrediten a titulación necesaria que lle dea acceso, aínda que non formalizaran a matrícula ordinaria nos segundos ciclos e os alumnos que desexen continuar os estudos xa iniciados nesta universidade e que por calquera causa non formalizaron a matrícula no prazo ordinario. Neste caso só poderán formalizar matrícula en materias anuais ou do segundo cuatrimestre.

2.1.6.- Matrícula extraordinaria de Fin de Carreira:

Esta matrícula dá dereito a unha única convocatoria de exame, coincidente coa convocatoria de setembro.

Poderán formalizar esta matrícula os alumnos que se inscribiron na convocatoria extraordinaria de exames de fin de carreira e esgotaron no curso as dúas convocatorias de exame a que lle dá dereito a matrícula ordinaria, os que reunindo os requisitos para presentarse á convocatoria de fin de carreira non formalizaron a matrícula da mesma, os alumnos de plans non estruturados en créditos que se inscribiron na convocatoria extraordinaria de decembro/febreiro e teñan esgotadas as dúas convocatorias de exame a que lles dá dereito a matrícula.

Están obrigados a matricularse da totalidade dos créditos que lles resten para concluír os estudos e reportará novos prezos públicos que se liquidarán pola contía que rexía no momento de formalizar a matrícula ordinaria.

2.1.7.- Créditos por equivalencia:

2.1.7.1.- Traballos academicamente dirixidos.- O centro comunicarlle á U.X.A., unha vez seleccionados, a relación de alumnos admitidos. Estes alumnos deberán formalizar matrícula en todo caso antes da realización do traballo.

2.1.7.2.- Prácticas en empresas.- Os centros e organismos coordinadores das prácticas en empresas realizarán a selección dos alumnos conforme a convocatorias públicas, e comunicarlle á UXA correspondente a relación de alumnos admitidos. Os alumnos admitidos deberán realizar a matrícula das prácticas para os efectos do seu recoñecemento.

A admisión dun alumno para a realización de prácticas en empresa daralle dereito á modificación da matrícula no prazo de dez días seguintes á súa admisión, correspondente ó curso no que

foi admitido, nun número de créditos semellante e sempre que non se celebren os exames da materia.

A realización parcial das prácticas non dará dereito ao recoñecemento de ningún crédito.

2.1.8.- Libre elección:

2.1.8.1.- Criterios xerais:

Límite de prazos: As materias tanto específicas para libre configuración curricular como as pertencentes a titulacións oficiais, teñen o límite de prazos que se estableza na oferta académica.

Poderase formalizar matrícula en tódalas materias sen necesidade de inscrición previa (preinscrición), indistintamente que sexan específicas ou non, de acordo co procedemento de xestión das listas que se indica.

Tódalas materias estarán sometidas aos requisitos, prelacións e exclusións que se determinan na oferta de materias específicas ou no plan de estudos ao que pertencen.

A matrícula formalizarase conxuntamente coa matrícula ordinaria nos prazos establecidos ao efecto nesta convocatoria.

2.1.8.2.- Criterios específicos para as materias impartidas na Facultade de Filoloxía

Para poder matricularse da “*Ampliación da Segunda Lingua...*” deberá terse superada ou matricularse simultaneamente da “*Segunda Lingua...*” correspondente.

Para poder matricularse da “*Literatura da Segunda Lingua II*” deberá terse superada ou matricularse simultaneamente da “*Segunda Lingua I*” correspondente.

2.1.8.3.- Procedemento de xestión das listas:

- **Listas de ocupación:** Os alumnos poderán coñecer en todo momento o nivel de ocupación da materia solicitada consultando a páxina [www.usc.es/libre elección 2006](http://www.usc.es/libre_elección_2006). Cando a ocupación supere o 75% das prazos ofertadas faranse públicas as listas de matriculados clasificados segundo a media do expediente. Estas listas actualizaranse diariamente e informarán das expectativas para conseguir a praza desexada.
- **Modificación da matrícula nas materias de libre elección:** cando o alumno matriculado considere escasas ou nulas as posibilidades de conseguir praza nas materias de libre elección da súa preferencia, poderá modificar a súa matrícula nas materias de libre elección durante o prazo de matrícula.
- **Asignación definitiva de prazos:** Inmediatamente ao remate do prazo de matrícula e a través de **correo ordinario, correo electrónico o SMS**, e nos taboleiros de anuncios do Servizo de Xestión Académica, procederase a comunicarlles ós alumnos a asignación

das prazas, en función da media do expediente, naquelas materias onde a demanda fora superior á oferta, desestimando as solicitudes de matrícula que excedan o nº de prazas ofertadas. Os alumnos afectados poderán substituír as materias por outras nas que existan prazas no prazo de dez días inmediatamente seguintes á recepción da notificación.

2.1.8.4.- Imposibilidade de formalizar matrícula en materias de libre elección.- Os alumnos que se matriculen por primeira vez nunha titulación non poderán solicitar nin cursar materias, para seren imputadas como de libre configuración curricular. Non obstante, poderán solicitar o recoñecemento ou validación de créditos para a libre configuración curricular de materias, materias ponte, seminarios ou actividades académicas que tivesen realizado. Este recoñecemento ou validación non se terá en conta aos efectos de cumprir os requisitos de nova inscrición no primeiro curso.

Esta limitación non é de aplicación para os seguintes alumnos:

- Alumnos que formalicen matrícula no primeiro curso de titulacións de só segundo ciclo.
- Alumnos que accedan aos segundos ciclos que non son continuación directa dun primeiro ciclo superado, ou por teren título que lles recoñeza o acceso.
- Alumnos aos que lles foi recoñecida a adaptación ou validación.

2.1.9.- Simultaneidade de estudos:

Os alumnos que pretendan simultanear dúas titulacións deberán solicitalo na UXA que se corresponda co centro onde vaia a iniciar os novos estudos, de acordo co disposto nas Normas de Xestión Académica.

2.1.10.- Actos Académicos:

2.1.10.1- A matrícula de grado de licenciado, probas de conxunto, proxectos ou traballo fin de carreira, axustarase aos prazos fixados no Anexo I e reportarán os prezos que se determinan no Decreto de Prezos Públicos da Xunta de Galicia.

2.1.10.2.- Requisitos Formativos Complementarios para a homologación dos títulos estranxeiros (Orden ECI/1519/2006).

De acordo co que se estableza na resolución de homologación, o alumno poderá formalizar matrícula por algunha das seguintes opcións, debendo aboar os prezos establecidos no Decreto da Xunta de Galicia.

- Proba de aptitude
- Período de prácticas

- Proxecto ou traballo
- Cursos tutelados

Cando estableza máis de unha opción será o alumno o que opte libremente. Esta opción pode modificarse manténdose o prazo de dous anos.

2.1.10.2.1.- Proba de aptitude.- Os prazos e procedemento será o establecido para a proba de conxunto.

2.1.10.2.2.- Prácticas, Proxecto ou traballo, e Cursos tutelados.- Deberán presentar a solicitude na U.X.A. correspondente que lle dará traslado ao SXA, para que, logo do informe do centro correspondente, resolva sobre a súa admisión. Na resolución indicaráselle os trámites que teña que realizar en función da opción elixida e, de ser o caso, daráselle prazo para formalizar a matrícula na UXA correspondente.

De ser positiva a resolución tamén se lle dará traslado ao centro para que adopte as medidas necesarias, nomee o titor, director ou tribunal que corresponda segunda a opción elixida polo alumno.

Unha vez formalizada a matrícula na UXA, correspóndelle a ésta remitir ao centro a documentación necesaria para a avaliación do alumno así como a anotación no expediente do alumno do resultado da mesma.

Se o alumno supera integramente os requisitos formativos complementarios previos á homologación, procederase, a petición do interesado, a expedir a oportuna certificación acreditativa.

A expedición da certificación acreditativa pon fin ao procedemento correspondéndolle ao alumno a acreditación ante o MEC.

2.2.- Programas oficiais de posgrado (máster oficial):

2.2.1.- Inicio de estudos:

Poderán formalizar matrícula os alumnos admitidos que reúnan os requisitos xerais de acceso ás titulacións de Master Oficial recollidos no artigo 9 do regulamento dos Estudos Oficiais de Posgrado (Acordo do Consello de Goberno do 7 de xuño de 2006) e estean habilitados por posuír algún dos títulos establecidos no Anexo IV .

2.2.2.- Solicitude de praza:

Os alumnos que pretendan ser admitidos nalgún dos máster oficiais que constitúan a oferta da USC para o curso 2006-07 (Anexo IV), deberán cumprimentar o impreso correspondente a través da páxina www.usc.es/pop, manifestando claramente a orde de preferencia no suposto de que solicite máis dunha titulación.

Ademais de cumprimentar o impreso de solicitude en todos os seus extremos deberá facer unha declaración do expediente académico correspondente a titulación ou estudos que lle dan acceso.

Nas solicitudes os alumnos deberán incluír unha dirección de correo electrónico que será o medio preferente utilizado pola USC a efectos de comunicación e notificacións. Así mesmo deberán incluír teléfono de contacto a efectos de recepción da posible comunicación por SMS. De non ser posible a comunicación por algún destes medios a comunicación farase a través do taboleiro de anuncios do SXA.

2.2.3.- Documentación:

Tódolos solicitantes de praza deberán remitir ou entregar no prazo de dez días seguintes á presentación da solicitude os documentos que se indican no Anexo II. De non recibirse esta documentación no devandito prazo arquivarase a petición sen máis trámite.

2.2.4.- Adxudicación de prazas:

A adxudicación das prazas farase seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade.

2.2.4.1.- Criterios.- Para a resolución terase en conta a preferencia manifestada polo alumno, os cupos establecidos en cada máster, as prelacións segundo as titulacións de orixe e a valoración do expediente académico.

2.2.4.1.1.- Preferencia.- No caso de que o alumno solicite praza en máis dun máster, a súa solicitude resolverase consonte as seguintes normas:

- No caso de estar convocado para matricularse nun máster dos solicitados que non sexa a súa primeira preferencia, manterase o seu dereito a matrícula no de máis preferencia ata cubrir tódalas prazas deste. Neste momento deberá matricularse ou ben perderá os dereitos respecto da praza inicialmente adxudicada.
- Do mesmo xeito, de ser convocado para matricularse nun máster de máis preferencia, as solicitudes de menor preferencia serán automaticamente arquivadas.

2.2.4.1.2.- Cotas.- Os máster teñen as cotas de reserva que se establecen no Anexo IV . No caso de que para un máster existan quendas de ingreso e que, unha vez resoltas tódalas solicitudes dunha determinada quenda, resultaran prazas vacantes, estas acumularíanse ao resto das quendas do máster consonte se indica no Anexo VIII .

2.2.4.1.3.- Prelacións en función da titulación de acceso.- No seu caso, e dentro de cada cota, as solicitudes ordenaranse agrupándoas en función das titulacións dos solicitantes consonte se indica nos Anexos IV e VIII .

2.2.4.1.4.- Valoración do Expediente Académico.- As solicitudes ordenaranse, dentro de cada cota e cada grupo de titulacións co mesmo orden de prelación, segundo a media do expediente académico calculada ao abeiro dos criterios sobre Valoración de Expedientes recollidos no Anexo VIII .

A efectos de valoración dos expedientes de alumnos estranxeiros aplicaranse os criterios establecidos por Xunta de Galicia e de non existir polos que aprobe a USC.

2.2.4.1.5.- Titulacións compartidas.- Os alumnos poderán solicitar algunha das prazas ofertadas de xeito independente en cada unha das universidades o nas dúas á vez, debendo optar, no caso de seren admitidos nas dúas, por unha delas no momento de formalizar a matrícula.

2.2.4.1.6.- Alumnos de titulacións de Graduado Superior da USC.- Os alumnos que no curso 2005-06 estiveran matriculados nalgunha das titulacións propias de Graduado Superior, poderán cursar os Máster Oficiais correspondentes mediante os procedementos particulares que se aproben.

Estes alumnos non se considerarán a efectos dos límites de prazas fixados para o inicio de estudos.

2.2.4.2.- Procedemento.- Rematados os prazos de solicitude e de xestión dos expedientes, faranse públicas as primeiras relacións de alumnos convocados en cada titulación por cada quenda. Ademais, publicarase unha relación de alumnos en lista de agarda en expectativa de vacantes. Xunto con estas relacións convocarase aos alumnos admitidos a formaliza-la matrícula.

Os alumnos convocados para formaliza-la matrícula, de non o faceren nos prazos establecidos, perderán os seus dereitos respecto das prazas adxudicadas. Isto sen perxuízo do regulado na norma 2.2.1.1.1. respecto da referencia para os alumnos convocados en titulacións que non sexan da súa maior preferencia entre as solicitadas.

A matrícula formalizada nun máster implica a anulación das solicitudes de praza no resto dos máster solicitados independentemente da orde de preferencia manifestado.

Unha vez cubertas tódalas prazas darase por pechada a matrícula, quedando sen efecto a lista de agarda.

De existiren vacantes, unha vez rematado o prazo de matrícula, realizaríanse sucesivas convocatorias, convocando por cada máster a tantos alumnos como prazas vacantes haxa, consonte ao calendario xeral publicado.

As publicacións das listas de convocados e de agarda, e as convocatorias de matrícula terán lugar nas datas que figura no ANEXO I .

A ordenación e adxudicación inicial de prazas poderá facerse en base aos expedientes académicos declarados polos alumnos. A falsidade ou inexactitude dos datos académicos declarados dará lugar á anulación dos actos derivados e a exclusión do solicitante no procedemento de adxudicación de prazas.

A inclusión nas listas de convocados dun alumno procedente dun sistema universitario estranxeiro, levará implícita a admisión previa outorgada polo reitor con efectos provisionais. Os efectos das listas e posible matrícula quedarán condicionadas á declaración de equivalencia definitiva que se ditará no prazo máximo de 2 meses.

A resolución desestimada da equivalencia dos estudos estranxeiros cursados a efectos do ingreso nas titulacións de máster oficial, levará aparellada a anulación de cantos actos se derivaran da admisión provisoria.

De xeito análogo ao disposto no apartado anterior, a inclusión nas listas de convocados dun alumno cuxos estudos de acceso sexan o ter superados 180 créditos dunha titulación de grao ou equivalente, levará implícita autorización reitoral requirida legalmente.

Se unha vez rematado o prazo de adxudicación de prazas resultaran vacantes, estas adxudicánselle os solicitantes que se presentaran fora de prazo por orde de presentación das solicitudes.

2.2.3.- Matrícula:

Os alumnos convocados deberán formalizar a matrícula na totalidade dos créditos do 1º curso no prazo establecido. Esta matrícula formalizarase por Internet a través da páxina www.usc.es/pop.

Os complementos formativos que deberán cursar os alumnos, segundo o seu currículo de ingreso, poderán determinarse unha vez matriculados os mesmos.

2.2.3.1.- Alumnos de titulacións compartidas.- Formalizarán a matrícula mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matricule. A matrícula será única e comprenderá todas as materias que pretenda cursar o alumnado nas distintas institucións. A estes efectos o alumno deberá indicar no momento de formalizar a matrícula as disciplinas que pretenda cursar na outra ou noutras universidades, sempre que así figure na oferta. En ningún caso, o alumnado poderá cursar materias suspensas en outra universidade, nin estar matriculado simultaneamente en máis dunha universidade.

2.3.- Titulacións propias:

2.2.1.- Inicio de estudos:

Poderán matricularse os alumnos que estean en posesión da titulación esixida no ANEXO IV, sempre que teñan sido admitidos, de ser o caso.

2.2.2.- Continuación de estudos:

Serán de aplicación as normas que rexen para as titulacións oficiais salvo as específicas de amortización do plan de estudos.

Excepcionalmente poderán formalizar matrícula os alumnos acollidos a convenios de intercambio, nos termos que se determine no mesmo.

2.4.- Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública

A matrícula na titulación de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, reixerá polo Acordo do Consello de Goberno de 20 de xuño de 2005, polo que se aproba a normativa sobre regulación do título propio de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, e o disposto na presente convocatoria coas especificidades aplicables e recollidas no anexo VII.

2.5.- Terceiro Ciclo, Posgrao. Cuarto Ciclo. Outros Estudos

A matrícula dos alumnos do Terceiro Ciclo ou estudos de Posgrao propios, así como os alumnos do Cuarto Ciclo reixerá polas súas convocatorias específicas.

3.- IMPEDIMENTOS DA MATRÍCULA:

3.1.- Limitación de convocatorias por materia:

Os alumnos que teñan esgotadas toda as convocatorias que regulamentariamente lles correspondan, non poderán formalizar matrícula nestas materias pero si noutras do mesmo plan de estudos nas que non teña esgotadas as convocatorias e non estean extinguidas.

Independentemente da normativa que sexa de aplicación sobre o límite de convocatorias, no caso de que a un estudante lle resten para finalizar os estudos un máximo de 30 créditos (ou tres materias en plans non estruturados en créditos), poderá solicitar a exención ao devandito límite.

3.2.- Imposibilidade legal de nova inscrición no primeiro curso:

O alumno que inicia estudos nunha titulación deberá superar como mínimo 30 créditos nun máximo de tres cursos académicos. De non facelo non poderá continuar os devanditos estudos na USC. A partir do primeiro curso inicial deberá matricularse polo menos dos créditos que lle resten para superar o mínimo establecido.

Esta limitación non é de aplicación aos alumnos que estean en posesión dunha titulación universitaria.

Os apartados **3.1** e **3.2** non son de aplicación aos estudos de Máster Oficial, sendolle de aplicación o réxime de permanencia que regulamentariamente se determine.

3.3.- Impedimentos establecidos nos plans de estudo:

3.3.1.- Prerrequisitos:

Non se poderá formalizar a matrícula nas materias que teñan establecidas materias prerrequisito, conforme aos plans de estudo de non terse matriculado previa ou simultaneamente nestas últimas, ou de non ter superado previamente as devanditas materias no caso de que así se esixa no plan de estudos.

3.3.2.- Acceso ós segundos ciclos:

Non se poderá formalizar a matrícula en ningunha materia do segundo ciclo de non reunir os requisitos establecidos nos plans de estudos para o acceso ao segundo ciclo. Os alumnos poderán imputar no expediente materias de segundo ciclo que lle foran adaptadas ou validadas sen que isto lle dea dereito a matricularse noutras materias do segundo ciclo. Estes alumnos poderían formalizar matrícula nas materias do segundo ciclo e para o segundo cuatrimestre nas condicións establecidas nas normas de xestión académica da USC.

3.4.- Materias sen docencia:

3.4.1.- De plans en proceso de extinción:

Nas materias das que non se imparta docencia soamente poderán matricularse os alumnos que estean a cursar estudos polo devandito plan, xa sexan repetidores ou formalicen matrícula por primeira vez, así como aqueles que, procedentes doutras universidades, sexan admitidos de acordo co establecido nas Normas de Xestión Académica.

Os alumnos doutras universidades que cursen estudos na USC en virtude de convenio de intercambio en ningún caso se poderán matricular en materias sen docencia.

3.4.2.- De plans estruturados en créditos:

Nas materias optativas que tiveran docencia no curso anterior ou anteriores e non se imparta docencia no presente curso, só poderán matricularse os alumnos que estiveron matriculados no período no que se impartiu docencia da materia.

3.5.- Matrícula en titulacións en proceso de extinción:

Non procederá a matrícula para alumnos de novo ingreso nas titulacións en proceso de extinción que tralos procesos de validación ou adaptación resulte que teñan materias pendentes que estean extinguidas. Para a continuación de estudos rexerá o disposto para a admisión de trasladados.

Os alumnos adaptados a un novo plan de estudos non poderán, en ningún caso, matricularse de materias do plan de procedencia.

Non lle será de aplicación o parágrafo anterior para os alumnos autorizados a matricularse, mediante resolución reitoral, para facilitarlle a conclusión dos estudos dos plans en proceso de extinción segundo as Normas de Xestión Académica, e para os alumnos afectados pola implantación de novos plans de estudo.

En ningún caso procederá a matrícula en materias de plans extinguidos e, polo tanto, tampouco poderán matricularse os alumnos que pretendan acollerse aos convenios entre universidades para cursar materias dos plans extinguidos na súa universidade de orixe.

4.- CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS DE EXAME:

4.1.- Fin de Carreira:

4.1.1.- Requisitos de inscrición:

Poderán concorrer a esta convocatoria os alumnos de titulacións de 1º e 2º ciclo que lle resten tres materias ou 40 créditos para concluír os seus estudos se se trata de plans sen renovar ou estruturados en créditos, respectivamente, aínda que non estiveran matriculados con anterioridade nestas. Este requisito deberá entenderse só das materias ou créditos necesarios para obter a titulación.

A inscrición formalizarase da totalidade das materias que resten para finalizar os estudos e realizarase conxuntamente coa matrícula ou dentro dos prazos que oportunamente estableza a USC. En ningún caso procederá a inscrición con posterioridade a realización dos exames.

4.1.2.- Titulacións con proxectos ou traballos fin de carreira:

Os alumnos de titulacións de 1º e 2º ciclo nas que se esixa ter todas as materias do plan de estudos aprobadas para a realización do proxecto ou traballo fin de carreira non se terán que matricular previamente do proxecto ou traballo fin de carreira para poder presentarse á convocatoria fin de carreira. Para o cómputo do número de créditos non se contarán os do traballo ou proxecto fin de carreira agás nos casos que para realizalo non se precise ter superadas todas as materias do plan de estudos.

4.1.3.- As estadias de Farmacia (prácticas tuteladas) terán:

O mesmo tratamento que os proxectos fin de carreira para os efectos da inscrición na convocatoria extraordinaria de fin de carreira. Igual interpretación se fará de calquera outra situación análoga que se poida dar noutra titulación.

4.1.4.- Inscripción fin de carreira e a libre configuración:

Cando o estudante de 1º e 2º ciclo se matricule de todas as materias que lle quedan para finalizar os estudos e ademais estea realizando prácticas en empresa, créditos por equivalencia, ou calquera outra actividade recoñecida para a libre configuración curricular, permitiráselle a inscrición na convocatoria extraordinaria de fin de carreira, sempre que acredite tal circunstancia e que o número de créditos que lle falte globalmente para concluír os estudos estea dentro do límite establecido.

4.1.5.- Exclusiones da inscrición da convocatoria extraordinaria de fin de carreira:

Non se poderán inscribir na convocatoria extraordinaria de fin de carreira os alumnos de 1º e 2º ciclo que teñan superadas a totalidade das materias e créditos esixidos para a obtención do título, nin as seguintes materias ou actividades:

- Os practicum
- As estadias en farmacia
- Os traballos academicamente dirixidos
- As materias que esixan superación de prácticas para ser aprobadas agás que os centros autoricen o contrario.

4.2- Convocatoria extraordinaria de decembro/febreiro:

Réxime transitorio só para alumnos de plans non renovados.- Os alumnos que estean a cursar estudos por plans non estruturados en créditos e que estean matriculados en materias das que sexan repetidores, poderán inscribirse nun máximo de tres materias para a convocatoria extraordinaria anticipada de exames.

Esta inscrición formalizarase conxuntamente coa matrícula ou nos prazos que oportunamente determine a USC.

4.3.- Cómputo de convocatorias:

As materias coa mención de “Non Presentado” (NP) non esgotan convocatoria nas convocatorias extraordinarias de exame de fin de carreira e decembro/febreiro. En consecuencia os alumnos de 1º e 2º ciclo que se inscriban e figuren coa devandita mención poderán concorrer ás convocatorias ordinaria de febreiro ou xuño e extraordinaria de setembro.

5.- EFECTOS DA MATRÍCULA:

5.1.- Dereitos e deberes:

A matrícula realizada de acordo coas presentes normas, supón:

- 1) O dereito de asistencia ás clases teóricas e prácticas de cada materia e a ser avaliado, así como o deber de asistencia e realización das actividades formativas que se establezan na programación docente de conformidade co art. 126 dos Estatutos da USC e a normativa de desenvolvemento.
- 2) O dereito a concorrer no curso ás convocatorias de exame que se determinen de acordo cos calendarios fixados polos centros.
- 3) A obtención da correspondente Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI) que lle permite o acceso aos servizos e instalacións da USC.
- 4) A participar na vida académica de acordo co establecido nos Estatutos da USC.

5.2.- Incompatibilidades académicas e horarias:

A matrícula que formalicen os alumnos entenderase feita sen prexuízo das posibles incompatibilidades cos horarios de clases e exames determinadas polos centros para cada titulación de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo, e non obrigarán en ningún caso á súa modificación.

5.3.- Convocatorias de exame:

A formalización da matrícula en titulacións de 1º e 2º ciclo, en calquera das súas modalidades, dará dereito a concorrer no curso a dúas convocatorias de exame, segundo o disposto nas Normas de Xestión Académica da USC, agás se o número de convocatorias utilizadas polo alumno en convocatorias anteriores llelo impedisese.

Os alumnos de Programas Oficiais de Posgrao (Máster Oficial) serán avaliados conforme ao sistema establecido na programación de cada curso.

Este dereito de avaliación quedará limitado polas incompatibilidades académicas que establezan os plans de estudo ou as programacións académicas de conformidade coa normativa aplicable.

Non se poderá presentar a exame ningún alumno que non estea efectivamente matriculado na materia correspondente.

6.- LUGARES, SISTEMAS E PRAZOS DE MATRÍCULA:

6.1.- Lugares:

Os alumnos de **1º e 2º ciclo e titulación propias** realizarán tanto a matrícula como calquera outro trámite de xestión académica a través da unidade de xestión académica (UXA) correspondente ou por vía telemática conforme ao establecido no artigo seguinte.

Os alumnos de **Posgrao Oficial (Máster)** realizarán os trámites na seguintes unidades:

Unidade de Xestión Académica Campus Norte:

- Dirección e Planificación do Turismo
- Xerontoloxía
- Xerontoloxía Virtual

Unidade de Xestión Académica Campus Sur:

- Enxeñería Biotecnolóxica
- Enxeñería Matemática
- Historia Contemporánea
- Neurociencia
- Química Avanzada
- Enxeñería Ambiental

Unidade de Xestión Académica Campus de Lugo:

- Servizos Culturais

6.2.- Sistemas de matrícula:

6.2.1.- Presencial:

Na Unidade de Xestión Académica correspondente, que proporcionará os impresos de matrícula a través da súa conserxería. Os alumnos que formalicen matrícula por este sistema deberán cumprimentar os impresos e deberán presentalos na Unidade de Xestión Académica dentro dos prazos establecidos.

6.2.2.- Correo:

Os alumnos de continuación de estudos poderán remitirle á correspondente Unidade de Xestión Académica o impreso de matrícula por correo certificado utilizando o sobre que se entrega a tal efecto.

6.2.3.- Caixa de matrícula:

A solicitude de matrícula xunto coa documentación correspondente tamén poderá depositarse nas caixas de correos situadas no exterior das unidades de xestión académica.. Só poderán usar este sistema os alumnos de continuación de estudos.

6.2.4.- INTERNET:

Os alumnos tanto de inicio como de continuación de estudos poderán formalizar a súa matrícula a través da páxina web da USC -www.matricula.usc.es-.

Quedan excluídos desta posibilidade os seguintes alumnos:

- Alumnos que inicien estudos na USC, en centros sen límite de prazas, que non fixeran as PAAU en Galicia, agás que fixeran a preinscrición no sistema universitario galego (SUG) no presente curso.
- Os que accedan a segundos ciclos de titulacións oficiais ou propias.
- Os que continúan estudos por traslado de expediente doutra universidade.
- Os alumnos que acceden por validación parcial de estudos estranxeiros.
- Alumnos doutras universidades que cursan estudos na USC en virtude de convenio ERASMUS, SICUE.
- Alumnos de matrícula extraordinaria.
- Alumnos visitantes.
- Os que soliciten simultanear estudos.
- Alumnos que realicen matrícula en plans vellos suxeitos a convenio.
- Alumnos de plans en proceso de extinción que soliciten formalizar matrícula ó abeiro da norma 42.3 de xestión académica.

6.2.5.- Máster oficial:

Os alumnos convocados deberán formalizar a matrícula por internet no prazo establecido, a través de páxina www.usc.es/pop.

6.3.- Prazos:

A matrícula axustarase ós prazos establecido no ANEXO I.

7.- DOCUMENTOS:

Os alumnos deberán presentar xunto coa solicitude de matrícula, ou cando lle sexan requiridos pola USC, os documentos orixinais ou debidamente legalizados que se relacionan nos ANEXOS II, III e IV.

8.- CAMBIOS, DESISTENCIA E MODIFICACIÓNS:

8.1.- Cambios de titulación:

Os cambios de matrícula entre titulacións de 1º e 2º ciclo da Universidade de Santiago de Compostela, cando supoñan o cambio entre titulacións sen límite de prazas ou dunha con límite a outra sen límite, e que non contraveñan o disposto na presente convocatoria ou nos Acordos ou resolucións do réxime do alumnado, serán resoltas polos xefes da unidades de xestión académica sempre que estas se teñan solicitado antes de que remate o prazo de modificación de matrícula do primeiro cuatrimestre.

8.2.- Desistencia total:

Os alumnos poderán solicitar a desistencia total durante o prazo establecido para a formalización da matrícula e a súa modificación.

A desistencia solicitada fora dos prazos establecidos, de ser resolta favorablemente, non dará dereito á devolución dos prezos públicos, manténdose a débeda dos prazos deixados de aboar.

8.3.- Modificacións:

Enténdese por modificación a substitución dunhas materias por outras ou a desistencia parcial.

Só se poderá solicitar a modificación unha única vez tras cada período de matrícula e únicamente dentro do prazo establecido ao efecto tal como se indica no Anexo I .

Este dereito só abrangue as materias optativas ou de libre configuración, en ningún caso se poderán modificar ou anular materias troncais ou obrigatorias.

Non procederá en ningún caso nin a modificación nin a desistencia da matrícula en materias nas que se teña solicitado concorrer á convocatoria extraordinaria de fin de carreira, probas de conxunto ou titulacións propias, despois de rematado o prazo de inscrición.

8.4.- Programas Oficiais de Posgrao (Máster Oficial):

Durante o mes de outubro, os alumnos poderán modificar a súa matrícula consonte as orientacións académicas que reciba.

Admitirase a desistencia da matrícula só ata o 15 de outubro.

9.- PREZOS PÚBLICOS:

9.1.- Titulacións oficiais:

9.1.1.- Titulacións de 1º e 2º ciclo:

Os alumnos que formalicen matrícula na USC, en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de Licenciado, Enxeñeiro, Diplomado ou Enxeñeiro Técnico, tanto de inicio como de continuación, reportarán os prezos que estableza para cada curso o Decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, polos seguintes conceptos:

- Matrícula
- Apertura de expediente
- Tarxeta universitaria de identificación (TUI)

Así mesmo deberán aboar as contías establecidas polos conceptos de:

- Soporte e documentación da matrícula
- Seguro Escolar obrigatorio ou seguro obrigatorio para os estudantes non cubertos polo Seguro Escolar.

9.1.1.1.- Matrícula en materias de libre elección.-A efectos de liquidación de prezos públicos terán a mesma consideración que a matrícula en materias da propia titulación coas seguintes excepcións:

- **Materias de titulacións impartidas en centros adscritos:** a matrícula nestas materias liquidarase de acordo co prezo fixado polo centro adscrito mailo 25% dos prezos públicos que estableza o Decreto de Prezos Públicos da Xunta de Galicia para o curso 2006/07.
- **Materias pertencentes a programas oficiais de posgrao (master oficial):** serán liquidadas de acordo co prezo establecido para estas titulacións.

9.1.2.- Programas Oficiais de Posgrao (Máster oficial)

A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula. Estes alumnos aboarán a totalidade dos conceptos e contías establecidas para cada curso polo Decreto de Prezos Públicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ou nas contías que poida autorizar.

9.2.- Titulacións propias da USC:

Os estudantes que formalicen matrícula en calquera dos estudos conducentes á obtención de títulos propios, deberán aboar os prezos públicos que para cada unha das titulacións teña apro-

bado o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, e que se farán públicos mediante a resolución reitoral que desenvolverá o devandito acordo, polos seguintes conceptos:

- Matrícula
- Servizos docentes
- Apertura de expediente
- Tarxeta universitaria de identificación (TUI)
- Soporte e documentación da matrícula
- Seguro obrigatorio

9.3.- Prezos comúns ás titulacións oficiais e propias:

9.3.1.- Aperturas de expediente:

Aboarán os prezos por este concepto os alumnos que inicien estudos nunha titulación de 1º, de 1º e 2º ou de 2º ciclo independentemente da forma de acceso. Igualmente reportarán estes prezos públicos os alumnos que trasladen o seu expediente doutra universidade para continuar os mesmos ou outros estudos na USC.

9.3.2.- Expedición e mantemento da tarxeta de identidade:

Este importe aboarase anualmente conxuntamente coa matrícula en concepto de expedición ou mantemento. Aboarase unha soa vez por curso, calquera que sexa a titulación ou titulacións das que se matricule o alumno.

9.3.3.- Soporte e documentación da matrícula:

Están obrigados ao seu pagamento tódolos alumnos que formalicen matrícula na USC, independentemente da titulación e na contía que corresponda segundo sistema de formalización de matrícula elixido.

9.3.4.- Seguro escolar:

Tódolos alumnos da Universidade de Santiago de Compostela menores de 28 anos que cursen estudos oficiais, están obrigados ao pagamento do Seguro Escolar. Este seguro é de pagamento único por curso independentemente das titulacións que se cursen. Os alumnos poderán subscribir un seguro complementario e voluntario de accidentes.

9.3.5.- Seguro obrigatorio:

Os alumnos que cursen estudos na USC e estean fora da cobertura do seguro escolar, están obrigados á subscripción dun seguro obrigatorio segundo o establecido no acordo do Consello de Goberno de data 20/06/05. A liquidación deste seguro será independente da matrícula e as Unidades de Xestión Académica verificarán o cumprimento deste requisito. O seu importe será o que fixe a USC para cada curso académico.

9.4.- Formas de pagamento dos prezos públicos:

9.4.1.- Os alumnos no momento da presentación da solicitude da matrícula, poderán optar polo pagamento íntegro ou fraccionado en tres prazos. Este importe poderá aboarse en efectivo ou

mediante a domiciliación bancaria do pagamento en calquera sucursal de Caixa Galicia, Banco Santander Central Hispano, Caixa Rural Galega ou Caixanova.

9.4.2.- No suposto de pagamento fraccionado, o primeiro prazo efectuarase polo importe correspondente ó 50% ao matricularse o estudante, o segundo prazo polo importe do 25% no mes de decembro e o terceiro prazo na primeira quincena de marzo polo restante 25%.

9.4.3.- Os conceptos de apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación, non poderán fraccionarse, de xeito que se liquidarán integramente xunto co primeiro prazo.

9.5.- Confirmación da liquidación da matrícula:

A confirmación de ingresos e conciliación da liquidación da matrícula realizarase de xeito automático entre a entidade bancaria colaboradora e a USC a través do Servizo de Contabilidade.

O alumno non precisa presentar ningún recibo acreditativo para xustificar o pagamento da matrícula, agás que lle sexa requirido.

10.- EXENCIÓN OU REDUCIÓN DO PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS:

10.1.- Solicitantes de bolsa do Ministerio de Educación y Ciencia (MEC):

10.1.1.- Os alumnos **solicitantes de bolsa** de estudos poderán adiar o pagamento dos prezos de matrícula ata que se resolva o seu pedimento, agás que non reúnan os requisitos esixidos polas convocatorias do MEC, debendo neste caso aboar o importe correspondente, sen prexuízo de que, no caso de que a bolsa lles fose concedida, soliciten a devolución dos prezos aboados. Os alumnos aos que lles sexa denegada a bolsa solicitada deberán proceder ao seu pagamento nos 10 días seguintes a recepción da notificación.

En calquera suposto, os alumnos bolseiros aboarán os importes correspondentes por apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación.

10.1.2.- Os alumnos que se matriculen como **solicitantes de bolsa** e posteriormente non presenten a solicitude, deberán proceder a liquidar a matrícula nos 10 días seguintes ao remate do prazo de solicitude da bolsa, de non facelo así iniciárase o procedemento de recadación de impagados establecido na R.R. do 27 de xaneiro de 2004 que poderá dar lugar ó recargo aprobado por acordo do Consello de Goberno do 29/09/2004 e ratificado por acordo do Consello Social do 18/11/2004.

10.2.- Solicitantes de bolsa e bolseiros doutros organismos públicos ou privados:

No suposto de que o estudante sexa solicitante ou beneficiario dunha bolsa distinta ás referidas na alínea anterior, para acollerse á exención dos prezos públicos por servizos académicos, a correspondente convocatoria deberá dicir, explicitamente, que o seu beneficiario está exento do pagamento dos prezos públicos e que o organismo ou institución convocante compensará á universidade polo importe dos ingresos que por este motivo deixe de percibir. De requirírselle, o alumno deberá manifestar en qué diario oficial foi publicada a convocatoria da bolsa ou a referencia ó Convenio no que pretenda sustentar a exención.

10.3- Beneficiarios de axudas e subvencións da universidade:

Os alumnos beneficiarios das axudas ao estudo establecidas pola USC poderán adiar o pago do importe da matrícula ata que non se resolva a axuda ou subvención solicitada. Para tales efectos deberán manifestar, ao realizar a matrícula por calquera dos sistemas que ten establecidos a USC, a súa condición de solicitante desta axuda ou subvención sen necesidade de presentación da solicitude. Será a Universidade a que, segundo o disposto na Resolución que regulamente estas axudas, envíe aos afectados os impresos de solicitude, para que sexan cubertos, ao enderezo correspondente. Os solicitantes destas axudas deberá aboar os prezos por apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación. Os alumnos que se matriculen como beneficiarios de axudas e posteriormente non presenten a solicitude, deberán proceder a liquidar a matrícula nos 10 días seguintes ao remate do prazo de solicitude da bolsa, de non facelo así iniciárase o procedemento de recadación de impagados establecido na R.R do 27 de xaneiro de 2004 que poderá dar lugar ao recargo aprobado por acordo do Consello de Goberno do 29/09/2004 e ratificado por acordo do Consello Social do 18/11/2004.

10.4.- Matrícula de honra:

10.4.1.- Exención total.- Alumnos con matrícula de honra na avaliación final de COU ou no 2º curso de bacharelato LOXSE.

10.4.2.- Exención parcial.- Alumnos universitarios con matrícula de honra nalgunha materia.

10.5.- Beneficiarios de Familias Numerosas:

Conforme ao disposto na Lei de protección das familias numerosas, os alumnos poderán acollerse a este beneficio sempre que o seu correspondente título acreditativo estea vixente no prazo ordinario de matrícula, ou ben acrediten ter solicitado a súa expedición ou renovación no devandito prazo. Neste último suposto, deberá acreditar a súa posesión posteriormente. Para estes efectos, entenderase como prazo ordinario de matrícula o período comprendido entre o primeiro día de matrícula para iniciar estudos ata o último día no que se permita formalizala, ben para iniciar ou continuar estudos. A redución ou exención do pagamento por este concepto non exime nin

reduce o pagamento dos prezos por apertura de expediente, tarxeta de identidade, seguro escolar e soporte e documentación.

10.6.- Exclusións:

Quedan excluídos dos beneficios que se contemplan neste apartado 10, os alumnos que se matriculen en titulacións propias da Universidade de Santiago de Compostela, polo que non será de aplicación ningún tipo de exención ou redución dos prezos públicos que se lle aplican ás titulacións oficiais.

Quedan excluídos dos beneficios que se contemplan nos apartados **10.1, 10.2, 10.3 e 10.4**, os alumnos que se matriculen en Programas Oficiais de Posgrao (Máster oficial).

11.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E RECURSOS:

As reclamacións ou recursos interpostos polos alumnos desta universidade en asuntos relativos á matrícula resolveranse ó abeiro desta convocatoria e demais resolucións e acordos que regulamenten o réxime do alumnado, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación en cada caso.

12.- LIBRO DE QUEIXAS:

Estará á disposición dos usuarios un Libro de Queixas en todos os centros, servizos e unidades de xestión da USC que serán os encargados de darlle traslado das mesmas a Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento para a súa tramitación. Así mesmo poderán presentarse por vía telemática a través da secretaría virtual do alumno.

13.-EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA:

A programación e desenvolvemento normal das actividades docentes e o cumprimento dos prazos indicados nesta convocatoria, vinculan do mesmo modo aos alumnos destinatarios como á propia universidade, a través de todos os seus órganos.

A Secretaría Xeral poderá ditar as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento e interpretación da presente convocatoria ou de calquera outro acordo ou resolución do réxime do alumnado.

14.- NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS:

Tendo en conta que os procedementos de ingreso son procesos de concurrencia competitiva, para os efectos do disposto nos artigos 59 e 60 da Lei 30/1992 do réxime xurífico das administracións públicas e do procedementos administrativo común, a notificación de tódolos actos, tanto de trámite coma definitivos incluíndo os requirimentos necesarios aos solicitantes e a publicación das listas de adxudicación de prazas nos Programas Oficiais de Posgrao (Máster Oficiais) efectuarase nos taboleiros de anuncios do Servizo de Xestión Académica e da Vicexerencia do Campus de Lugo, podendo accesoriamente publicarse na páxina web da USC.

15. ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS

A presente convocatoria entrará en vigor e terá efectos para a matrícula de primeiro e segundo ciclo de titulacións oficiais e propias de Graduado Superior e CC Crimino-lóxicas e da Seguridade Pública para o curso 2006 – 2007.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2006.

O REITOR,



Senén Barro Ameneiro
Senén Barro Ameneiro

R. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR/A XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR/A OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR/A XESTOR ACADÉMICO DE CENTRO - OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.

ANEXO I

PRAZOS

- Tódolos prazos rematan ás 14 horas do último día, agás a solicitude de praza para as titulacións de Master Oficial que remata ás 24 horas do día 15 de agosto.

- O horario para calquera trámite de forma presencial nas Unidades de Xestión Académica e de 9 a 14 horas.

I.- MATRÍCULA NO PRIMEIRO CURSO DAS TITULACIÓNS OFICIAIS DE 1º E 2º CICLO

a) Titulacións con límite de prazos: nos prazos de matrícula fixados pola CIUG.

b) Titulacións sen límite de prazos

O prazo de matrícula será do 3 de xullo ó 31 de outubro (agás o mes de agosto para a matrícula presencial).

II.- MATRÍCULA PARA CONTINUAR ESTUDOS COMEZADOS NA USC

a) Alumnos con todo superado na convocatoria de Xuño.-

- De xeito presencial ou por correo ordinario: do 1 de setembro ó 31 de outubro

- Por internet: do 1 de agosto ó 31 de outubro

b) Alumnos con materias pendentes para a convocatoria de setembro, de xeito presencial ou por correo ordinario, e por internet :

- Do 3 de outubro ó 31 de outubro

III.- MATRÍCULA PARA CONTINUAR ESTUDOS COMEZADOS NOUTRA UNIVERSIDADE

1.- Prazo de solicitude en titulacións sen cota para traslados:

do 3 de xullo ó 16 de outubro de 2006

do 15 ó 30 de marzo de 2007

2.- Prazo de solicitude en titulacións con cota para traslados:

do 3 ó 31 de xullo de 2006 (1ª preferencia)

do 1 de agosto ó 16 de outubro de 2006 (2ª preferencia)

3.- Prazo de solicitude de validación parcial de estudos estranxeiros:

Titulacións con cota: do 3 de xullo ó 18 de setembro de 2006

Titulacións sen cota. do 3 de xullo ó 31 de outubro de 2006

IV.- CAMBIOS, MODIFICACIÓNS E DESISTENCIA DE MATRÍCULA

Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo, e titulacións de Graduado e Graduado Superior

1. Cambio ou modificación da matrícula e desistencia parcial: do 1 ó 15 de novembro de 2006.
2. Anulacións de matrícula (desistencia total): Os alumnos poderán solicitar a desistencia total durante o prazo establecido para a formalización da matrícula e a súa modificación no primeiro cuadrimestre (ata o 15 de Novembro).

Titulación de Máster Oficial

1. Durante o mes de outubro, os alumnos poderán modificar a súa matrícula consonte as orientacións académicas que reciba.
2. Admitirase a anulación da matrícula(desistencia total) só ata o 15 de outubro.

V.- MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA PARA MATERIAS DO 2º CUADRIMESTRE

O prazo será do 15 ó 30 de marzo de 2007.

VI.- SOLICITUDE E MATRÍCULA NO SEGUNDO CICLO DE TITULACIÓNS OFICIAIS E PROPIAS DENDE OUTRA TITULACIÓN

PRAZOS DE SOLICITUDE

Primeira convocatoria:

Do 17 de xullo ó 1 de setembro para os alumnos que posúan a titulación ou estudos que lles dea acceso dentro deste prazo, é dicir, aqueles que remataran os estudos de acceso na convocatoria de xuño ou en anos anteriores, e presenten a solicitude entre esas datas.

Segunda convocatoria:

Do 2 ó 9 de outubro para os alumnos que rematen na convocatoria de setembro os estudos que lles dean acceso, así como aqueles que, aínda que puideron presenta-la solicitude na primeira convocatoria, non o fixeron.

Convocatoria tralo primeiro cuadrimestre:

Do 7 ó 13 de marzo para os alumnos que reúnan os requisitos académicos para o acceso e desexen formaliza-la matrícula naquelas titulacións nas que tralas dúas convocatorias ordinarias resultaran prazos vacantes.

PRAZOS DE MATRÍCULA

1.- Se estivesen sometidas a limitación de prazos. - A matrícula realizarase nos prazos que se establecen a continuación facendo chamamentos semanais ata cubrir tódalas prazos vacantes:

Fase xullo e setembro	
1º prazo de matrícula	Do 18 ó 20 de setembro
2º prazo de matrícula	25 ó 27de setembro

3º prazo de matrícula	Do 2 ó 4 de outubro
4º prazo de matrícula	Do 9 ó 11 de outubro
Naquelas titulacións nas que resultaran vacantes fariáanse novos chamamentos no mes de outubro trala segunda convocatoria de solicitudes.	
Fase trala convocatoria de marzo	
Prazo de matrícula	Do 26 ó 28 de marzo

2.- Se non estivesen sometidas a limitación de prazos. - A matrícula poderá realizarse nos prazos que se establecen para a continuación de estudos do 3 ó 31 de outubro.

VII.- SOLICITUDE E MATRÍCULA EN MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN

Coa matrícula ordinaria.

VIII.- MATRÍCULA EN MATERIAS DE NIVELACIÓN

Realizárase xunto coa matrícula ordinaria.

IX.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA PARA ALUMNOS DE PLANOS VELLAS

Prazo de matrícula: coa matrícula ordinaria.

X.- CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

Prazo de inscrición: coa matrícula ordinaria ou ata o 15 de novembro de 2006

Prazo de matrícula para a convocatoria de setembro: do 19 ó 24 de xullo de 2006

XI.- MATRÍCULA PARA A COLACIÓN DO GRAO

1.- Modalidade de exame.- Do 2 ó 16 de outubro.

2.- Modalidade de traballo de investigación.- En calquera momento ó longo do curso, debendo acreditar mediante certificación que reúne os requisitos e que ten depositados os exemplares na Secretaría do Centro.

- * F. Farmacia: (modalidade de exame)
 - do 1 ao 15 de outubro de 2006
 - do 1 ao 15 de marzo de 2007

*A Facultade de Medicina e Odontoloxía fará públicas as datas en que os seus alumnos deberán realiza-la inscrición/matriculación

XII.- INSCRICIÓN PARA O PREMIO EXTRAORDINARIO

Deberá solicitarse entre o 16 e o 30 de novembro de 2006.

*A Facultade de Medicina e Odontoloxía fará públicas as datas en que os seus alumnos deberán realiza-la inscrición/matrícula.

XIII.- PROBA DE APTITUDE (PROBA DE CONXUNTO) E REQUISITOS FORMATIVOS COMPLEMENTARIOS PARA A HOMOLOGACIÓN DOS TÍTULOS ESTRANXEIROS. MATRÍCULA E EXAMES

A) Prácticas, Proxecto ou traballo, e Cursos tutelados: En calquera momento

B) Probas de Aptitude e Probas de Conxunto:

1.- CONVOCATORIA DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE.

Matrícula: do 1 ó 12 de febreiro.

Exames: a partir do 13 de febreiro ata o 21 de febreiro de 2007

2.- CONVOCATORIA DE XUÑO

Matrícula: do 1 ó 11 de xuño.

Exames: a partir do 12 de xuño ata o 9 de xullo de 2007.

3.- CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Matrícula: do 3 ó 10 de setembro

Exames: a partir do 13 de setembro ata o 17 de setembro de 2007

*A Facultade de Medicina e Odontoloxía fará públicas as datas en que os seus alumnos deberán realiza-la inscrición/matrícula

XIV.- ADAPTACIÓNS E VALIDACIÓNS

1.- Alumnos sen materias pendentes para setembro: Deberán solicitarse entre o 3 de xullo e o 31 de agosto 2006.

2.- Alumnos con materias para setembro: Do 3 ó 31 de outubro de 2006.

Adaptación trala convocatoria de fin de carreira ou primeiro cuadrimestre do 15 ó 30 de marzo.

Adaptación logo da primeira convocatoria ordinaria de exames, de materias do segundo cuadrimestre ou anuais antes do 31 de xullo de 2007.

XV.- CONVOCATORIAS DE EXAME 2006/2007

Convocatorias de exame para titulacións renovadas:

Primeira convocatoria:

Materias cuadrimestrais con docencia no primeiro cuadrimestre: Os exames terán como data límite o 17 de febreiro do ano 2007.

Materias cuadrimestrais con docencia no segundo cuadrimestre e materias anuais: Os exames terán como data límite o 11 de xullo do ano 2007.

Segunda convocatoria:

De tódalas materias das titulacións renovadas os exames realizaranse entre os días 1 e 15 de setembro de 2007.

Convocatoria de exames "fin de carreira"

Esta convocatoria terá lugar entre os meses de decembro e xaneiro nas datas que establezan os centros.

Convocatoria de exame para titulacións non reformadas (plans vellos)

Primeira convocatoria (xuño).- Os exames terán como data límite o día 6 de xullo de 2007.

Segunda convocatoria (setembro).- Os exames realizaranse entre os días 1 e 15 de setembro do ano 2007.

Convocatoria extraordinaria de exames de febreiro e fin de carreira.- Os exames das convocatorias extraordinarias de febreiro e fin de carreira das materias dos planos vellos terán lugar entre os meses de decembro a febreiro segundo determinen os centros. É incompatible a concorrencia á convocatoria de exames de fin de carreira coa concorrencia a exames da convocatoria extraordinaria de febreiro.

Convocatoria de exames para as titulacións propias da USC (Graduado Superior)

Os exames realizaranse en cada convocatoria nas mesmas datas que as titulacións renovadas de carácter oficial

XVI.- CALENDARIO XERAL DO PROCESO DE INGRESO E MATRÍCULA NOS MÁSTER OFICIAL PARA O CURSO 2006-2007

Prazo de solicitude	15 de Xullo ao 15 de Agosto (* ata as 24 horas)
1ª Lista de Admitidos e alumnos na Lista de Espera	4 de Setembro
Matrícula alumnos admitidos	4, 5, 6 e 7 de Setembro
2ª Lista de Admitidos e alumnos na Lista de Espera	11 de setembro
Matrícula alumnos admitidos	11, 12, 13 e 14 de Setembro
3ª Lista de Admitidos e alumnos na Lista de Espera	18 de Setembro
Matrícula alumnos admitidos	18,19 e 20 de Setembro
4ª Lista de Admitidos e alumnos na Lista de Espera	21 de Setembro
Matrícula alumnos admitidos	21 e 22 de Setembro

- Tódolos prazos de matrícula rematan as 14 horas do último día.

XVII.- CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS TUTELADAS DA FACULTADE DE FARMACIA

As solicitudes presentaranse no impreso que se facilitará ós efectos na **Unidade de Xestión Académica do Campus Sur** nos seguintes prazos:

- Período de outubro 2006 – abril 2007.- inscrición do 1 ao 15 de setembro de 2006

- Período de marzo 2007 – setembro 2007.- inscrición do 1 ao 15 de febreiro de 2007

XVIII.- INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NO CURSO ROTATORIO DA FACULDADE DE MEDICINA

Prazo de solicitude entre o 15 e o 31 de xaneiro.

ANEXO II

1.- DOCUMENTOS PARA A SOLICITUDE DE MATRÍCULA

Alumnos que inicien estudos

- * Solicitud de matrícula.
- * Certificación das Probas de Acceso á Universidade ou título habilitante para o acceso á Universidade e a matrícula na titulación concreta.

Alumnos que continúen estudos.

- * Solicitud de matrícula.

Alumnos trasladados.

Ademais da documentación xeral, resguardo de ter aboados os prezos de traslado na Universidade de orixe.

2.- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA GRATUIDADE, EXENCIÓN OU REDUCCIÓN DOS PREZOS DA MATRÍCULA

Se fose preciso, por ter concedidos os beneficios de gratuidade, exención ou redución de taxas académicas, algún dos seguintes documentos:

- Para os beneficiarios do réxime de protección ás familias numerosas de primeira, segunda, e de honra: FOTOCOPIA DO TÍTULO DE BENEFICIARIO, só no caso de que non o tivese entregado, ou de telo entregado que estivese caducado nas datas da matrícula, e non entregase copia da renovación actualizada. En caso de ser necesario deberá presentarse o documento orixinal do que debe deixar constancia o funcionario que efectúe a matrícula.
No caso de que esta documentación figure actualizada no expediente do alumno non hai que entregala.
Así mesmo, de non entregarse no momento da matrícula poderá facerse con posterioridade ou ser requirida pola Universidade de Santiago de Compostela.

O título de familia numerosa deberá ser eficaz ata o período de cambios desistencia ou modificación da matrícula dende o 21 de xullo ata o 15 de decembro.

- Para os beneficiarios de axudas ó estudio diferentes ás da convocatoria xeral do MEC, documento que acredite que se lle concedeu tal axuda para o curso académico 2002/2003, ou de non telo, (con carácter provisorio), presentación do resguardo de solicitude da axuda sempre que a convocatoria pola que se concede a bolsa estableza a posterior compensación de prezos á Universidade. O alumno deberá acredita-la compensación de prezos á Universidade de Santiago de Compostela por parte do organismo convocante.
En calquera caso aqueles ós que se lles denegue a axuda deben aboa-lo importe da matrícula aínda que comezasen ou comecen o trámite das reclamacións pertinentes.
- Para os que obtivesen a cualificación de matrícula de honra en algunha materia durante o curso académico anterior non se lle esixirá documentación ningunha, debéndose constatar nas actas ou no expediente do alumno.
- Para os alumnos que acadaran Matrícula de Honra no COU ou no segundo curso do bacharelato LOXSE, a certificación do Centro en tal sentido ou ben fotocopia cotexada polos xefes de división das unidades de xestión académica á vista do Libro de Escolaridade.

3.- ESPECÍFICOS PARA ALUMNOS QUE SE MATRICULEN POR PRIMEIRA VEZ EN PRIMEIRO CURSO

- 1.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- 2.- O documento que corresponda segundo o título ou probas que habiliten o alumno para iniciar estudos directamente en centros universitarios. Estes documentos especifícanse no anexo III e IV.

4.- ESPECÍFICOS PARA ALUMNOS PROCEDENTES DOUTRAS UNIVERSIDADES

- Xustificantes de que foron admitidos para iniciar ou continuar estudos nesta Universidade e resguardo de que se aboaron os dereitos de traslado de expediente.
- No caso de que veñan continua-los estudos xa iniciados noutra ou noutras universidades presentarán, se non o fixeron no momento da solicitude de admisión, fotocopia da certificación académica nos que estivese matriculado.

5.- ALUMNOS QUE SUPERASEN AS PROBAS NO CURSO 1994-95 OU ANTERIORES

Os alumnos que inicien estudos nun Centro e superasen as probas de acceso á Universidade (ou titulación equivalente) antes do curso 1994-95, deben presentar Certificación Académica Persoal dos posibles estudos

universitarios realizados anteriormente ou, de se-lo caso, declaración xurada de non estar matriculados antes noutra titulación universitaria.

6.- DOCUMENTOS NECESARIOS PARA A SOLICITUDE DE PRAZA E MATRÍCULA NAS TITULACIÓN DE MASTER OFICIAL

- Para realizar a solicitude de praza, os alumnos deberán:

1º.- Presentar por Internet a través da páxina **www.usc.es/pop** a solicitude e a declaración de titulación e expediente académico, así como cumprimentar tódolos datos persoais e académicos requiridos.

2º.- Remitir por correo certificado unha copia do documento nacional de identidade ou pasaporte e da folla final o **resgardo que** deberán imprimir o cubri-la solicitude por internet.

3º.- Os alumnos procedentes doutras universidades deberán remitir, xunto cos documentos indicados no apartado 2º, unha certificación académica completa dos estudos cursados que lles dean acceso á titulación solicitada. Esta certificación deberá conte-la seguinte información:

- * Materias e cualificacións correspondentes a cada unha delas
- * Constancia da superación dos estudos que de acceso ó Máster

Os documentos académicos (títulos e certificados académicos) deberán cumprir os requisitos que se recollen no **apartado 7.**

- Tódolos documentos deberán entregarse no Servizo de Xestión Académica – Pavillón Estudiantil – 15702 Santiago de Compostela – España, dentro dos **dez días** seguintes a realiza-la solicitude electrónica a través de Internet.

De non recibirse esta documentación no devandito prazo arquivaranse sen máis trámite as peticións realizadas

7.- REQUISITOS DOS DOCUMENTOS EXPEDIDOS NO EXTRANXEIRO

7.1. Os documentos que sirvan de base a calquera petición deberán cumprir os requisitos seguintes:

- 1.1. Ser oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes, de acordo co ordenamento xurídico do país de que se trate.
- 1.2. Deberán presentarse legalizados por vía diplomática ou, no seu caso, mediante a apostila do Convenio da Haya. Este requisito non se esixirá aos documentos expedidos polas autoridades dos Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo.
- 1.3. Deberán ir acompañados, no seu caso, da súa correspondente tradución oficial ao galego ou castelán. Non será necesario incluír tradución oficial do exemplar da tese doutoral, nin dos documentos complementarios que requira o órgano instructor, salvo que se determine expresamente.

